
**ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE
DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO**

Lugar: Sala de Xuntas de Posgrao e Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 20 de marzo de 2024

Hora de comezo: 13:30 h

Hora de remate: 14:15 h

ASISTENTES

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

Antonia Blanco Pesqueira (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

Juan Jesús Rico Fuentes (representante do estudantado de doutoramento)

Excusas:

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

ORDE DO DÍA

1. Informe da presidencia
2. Informe sobre a modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UVigo para adaptalo ao RD 576/23

DELIBERACIÓNS

1. Informe da presidencia

O subdirector da EIDO informa sobre os seguintes puntos:

- Tras o envío de alegacións por parte da EIDO, recibíuse o informe definitivo favorable da ACSUG para a renovación da acreditación do PD en Auga, Sostenibilidade e Desenvolvemento.
- Recibíuse o informe provisional de seguimento da ACSUG do PD en Protección do Patrimonio Cultural. O resultado é conforme e están actualmente en preparación as alegación ao informe.
- Recibíuse o informe provisional de seguimento da ACSUG do PD en Ciencias Mariñas. O resultado é non conforme e, en colaboración coa CAPD, xa se presentaron alegacións ao informe.
- A ACSUG remitiu informes favorables para todas as modificacións non substanciais asociadas aos cambios de adscrición dos PD as escolas de doutoramento..

2. Informe sobre a modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UVigo para adaptalo ao RD 576/23

O director da EIDO informa de que está aberto o procedemento de modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo para a súa adaptación ao RD 576/2023. O primeiro paso formal desta adaptación é o informe da Comisión de Calidade da EIDO que se trata neste punto para sometelo despois a Comisión Permanente, alegación e aprobación definitiva polo Comité de Dirección.

Comentáronse varios aspectos do borrador de Regulamento e incorporáronse as aportacións das profesoras Paloma Morán (referentes a considerar o CSIC como un único organismo e a renovación das CAPD) e Antonia Blanco (relativas a incorporación do SJR).

Tras o debate, a Comisión de Calidade informa favorablemente sobre a modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UVigo para adaptalo ao RD 576/23.

ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 20/03/2024

1. Informe favorable sobre a modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UVigo para adaptalo ao RD 576/23..

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente